

CORRECCIÓN de erros. *Resolución do 30 de novembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do programa CONECTA PEME para fomentar a cooperación entre as PEMES e os demais axentes do Sistema Rexional de Innovación, a través do apoio a proxectos de Investigación e Innovación orientados ao mercado, e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, e procédese á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN852A).*

Advertidos erros na Resolución do 30 de novembro de 2015, publicada no Diario Oficial de Galicia número 243, do 22 de decembro, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 47711, no artigo 4.1 onde di:

«1. Os proxectos estarán en consonancia cos retos contidos na RIS3 Galicia de acordo coa definición destes que se realiza no artigo 2 desta resolución e coas súas liñas prioritarias que se detallan no anexo V.»

Debe dicir:

«1. Os proxectos estarán en consonancia cos retos contidos na RIS3 Galicia de acordo coa definición destes que se realiza no artigo 2 desta resolución e coas súas liñas prioritarias que se detallan no anexo VI.»

-Na páxina 47720, onde di:

«Artigo 12. Custes de material funxible»

Debe dicir:

«Artigo 12. Materiais, subministracións e produtos similares»

-Na páxina 47725, no artigo 21,1.c) onde di:

c) No enderezo electrónico gain@xunta.es

Debe dicir:

c) No enderezo electrónico axudas.gain@xunta.es

-Na páxina 47732, no artigo 30.3.c) onde di:

«c) Colaboración con universidades, organismos de investigación, centros hospitalarios, centros tecnolóxicos e organismos científicos con recoñecemento internacional (máximo 15 puntos). Os proxectos en que todos os partícipes subcontraten con estes organismos parte da actividade de investigación valoraranse, como mínimo con 5 puntos.»

Debe dicir:

«c) Colaboración con universidades, organismos de investigación, centros hospitalarios e centros tecnolóxicos radicados en Galicia ou con organismos científicos con recoñece-

mento internacional (máximo 15 puntos). Os proxectos en que todos os partícipes subcontraten con estes organismos parte da actividade de investigación valoraranse, como mínimo con 5 puntos.»

-Na páxina 47740, no artigo 35.2 onde di:

«2. Ademais de estas obrigas, o líder ten as de transferir a cada entidade beneficiaria os fondos que lle correspondan segundo a repartición establecida pola Axencia Galega de Innovación e achegarlle a esta os xustificantes das transferencias bancarias realizadas nos prazos sinalados no artigo 37 desta resolución.»

Debe dicir:

«2. Ademais de estas obrigas, o líder ten as de transferir a cada entidade beneficiaria os fondos que lle correspondan segundo a repartición establecida pola Axencia Galega de Innovación e achegarlle a esta os xustificantes das transferencias bancarias realizadas nos prazos sinalados no artigo 39.2 desta resolución.»

-Na páxina 47741, no artigo 37.a) onde di:

«a) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas, utilizando o formulario publicado na páxina web e, de ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución de concesión desoutras axudas, segundo o modelo do anexo VII.»

Debe dicir:

«a) Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas, utilizando o formulario publicado na páxina web e, de ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución de concesión desoutras axudas, segundo o modelo do anexo III. »

-Na páxina 47744, no artigo 37.1) 1. onde di:

«1. Orixinal ou copia compulsada da factura emitida pola entidade subcontratada ao beneficiario en que se especifique claramente o título do proxecto financiado. No caso de que sexan varias as facturas, todas elas deberán estar desagregadas e especificar o título do proxecto financiado.»

Debe dicir:

«1. Orixinal ou copia compulsada da factura emitida pola entidade subcontratada ao beneficiario en que se especifique claramente o título do proxecto financiado. No caso de que sexan varias as facturas todas elas deberán especificar o título do proxecto financiado.»

-Na páxina 47747, no artigo 42.3.c) onde di:

«c) Se o custo xustificado finalmente na partida de subcontratación é inferior á contía concedida nesta partida reducirase a intensidade da axuda aplicando o mesmo factor de corrección: $F_c=1-X/2500$, onde X é a porcentaxe deixada de xustificar sobre o custo que lle foi concedido nesta partida.»

Debe dicir:

«c) Se o custo xustificado finalmente na partida de subcontratación cos organismos sinalados no artigo 30.3.c) é inferior á contía concedida nesta partida reducirase a intensidade da axuda aplicando o mesmo factor de corrección: $F_c=1-X/2500$, onde X é a porcentaxe deixada de xustificar sobre o custo que lle foi concedido nesta partida.»

-Na páxina 47748, no artigo 42.3.e) onde di:

«e) Se se incumpre a obriga de dar publicidade ao financiamento do proxecto consonte o establecido no artigo 32.f) e h) desta resolución, ou a obriga de comunicar a obtención doutras axudas para o mesmo proxecto, aplicarase un factor de corrección do 0,05.»

Debe dicir:

«e) Se se incumpre a obriga de dar publicidade ao financiamento do proxecto consonte o establecido no artigo 35.1.h), i) e l) desta resolución, ou a obriga de comunicar a obtención doutras axudas para o mesmo proxecto, aplicarase un factor de corrección do 0,95.»